

PENSANDO NO MAR: UNHA XANELA ABERTA ÁS MATEMÁTICAS, Á CIENCIA E Á TECNOLOXÍA

BLANCO PÉREZ, ALBA
CARBIA VILAR, MARÍA
DOMÍNGUEZ GARCÍA, MONTSERRAT



A historia de Galicia está intimamente ligada ao mar: este supón unha fonte de traballo e riqueza, de inspiración, deixando a súa pegada na arte, na música e na literatura; foi escenario ao longo dos séculos de fatigas e sufrimentos, que marcaron as biografías dos mariñeiros e das súas familias, xerouse en torno a el unha rica cultura popular, unha gastronomía cun carácter propio, e ao seu carón naceron e creceron unha morea de vilas mariñeiras. Galicia, en definitiva, non pode entenderse sen el.

Por todo o exposto, deseñamos este proxecto utilizando o mar como marco de fondo, traballando en tres bloques temáticos, “Embarcacións tradicionais”, “Do mar ao prato” e “Redeiras e rañeiros, oficios do mar”. Todos eles conteñen unha introdución que nos sitúa no tema e que precede

ás actividades propostas para o traballo na aula, con distintos niveis de dificultade, convidando ao alumnado a mergullarse na medida, a probabilidade e a estatística, e bebendo ao mesmo tempo tamén de campos como a xeometría ou a aritmética.

De entre elas, seleccionamos as seguintes:

- Relación da poboación pesqueira galega con respecto a España e Europa.
- Morfoloxía e deseño das embarcacións tradicionais galegas.
- O mariñeiro galego no contexto internacional, pasado e presente.
- Diferenzas de peso de produtos no mercado, conxelados e cociñados e valores nutricionais.
- Comparanza entre o volume de nasas e referente humano na estimación de medidas.
- Medindo ameixas, cálculo do tamaño medio e proporción de alimento que conteñen.
- Probabilidade xeométrica, loita de piratas.

Trátase dun proxecto que, partindo do mar como núcleo vertebrador da proposta, integra a ciencia e a tecnoloxía dun xeito eminentemente práctico, establecendo relacións entre as distintas disciplinas e ofrecendo unha escolma didáctica que parte de distintos conflitos que resolver.